

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA**

RESOLUCIÓN do 23 de novembro de 2016 pola que se redistribúen e amplían os créditos orzamentarios por epígrafes recollidos na Resolución do 11 de agosto de 2016, pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para proxectos de redes de distribución de enerxía térmica con equipamentos de xeración con biomasa, para as anualidades 2016-2017, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020.

1. Mediante a Resolución do 11 de agosto de 2016, desta dirección, referida no encabezamento, publicada no *Diario Oficial de Galicia* núm. 171, do 8 de setembro, acordouse a aprobación das bases reguladoras xunto coa convocatoria de subvencións, cuxo procedemento administrativo de concesión se tramitará en réxime de concorrencia competitiva, para a realización de proxectos de redes de distribución de enerxía térmica con equipamentos de xeración con biomasa.

2. Tal e como consta na parte expositiva da citada resolución, o financiamento desta convocatoria, 4.500.000 euros, faise con cargo aos orzamentos do Instituto Enerxético de Galicia para os anos 2016 e 2017. A procedencia dos fondos é de diversa natureza: fondos da Comunidade Autónoma, fondos comunitarios derivados do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 e fondos dos orzamentos xerais do Estado.

3. No transcurso do procedemento administrativo de concesión das axudas, cando xa rematou o prazo de presentación de solicitudes (8.10.2016), nalgunha das epígrafes o número de solicitantes é inferior ao agardado, mentres que noutras o volume de axuda solicitada superou a dispoñibilidade orzamentaria. Cómpre facer unha redistribución de fondos entre as distintas epígrafes e ampliar o crédito orzamentario.

4. O artigo 3 da resolución relativo ao financiamento, no parágrafo segundo establece que o crédito máximo poderá ser redistribuído se nalgunha das epígrafes non se rexistran solicitudes suficientes para esgotar os fondos dispoñibles ou a calidade dos proxectos solicitados non alcanza a puntuación mínima exixida.

Nese mesmo artigo establécese a posibilidade de incrementar o crédito coa condición dunha maior dispoñibilidade derivada dalgunha das circunstancias previstas no



artigo 30.2 do Decreto 11/2009, logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda.

Por todo o anterior, coa finalidade de incrementar a eficacia administrativa e a eficiencia na asignación de recurso público, maximizando o impulso de proxectos de aforro e eficiencia enerxética atendendo á totalidade das solicitudes en cada unha das epígrafes da convocatoria

RESOLVO:

Primeiro. Ampliar a dotación de fondos inicialmente prevista para esta convocatoria na contía de 994.000 euros na anualidade 2016, ascendendo o importe total asignado para estas axudas tras esta ampliación a 5.494.000 euros.

Segundo. Unha vez ampliados os fondos, estes redistribúense en función do volume de solicitudes por tipoloxía de beneficiario, do seguinte xeito:

Dotación orzamentaria inicial				
Beneficiarias	Aplicación orzamentaria	Anualidade 2016	Anualidade 2017	Total
Administración pública autonómica	09.A2.733A.714.2	1.500.000,00	100.000,00	1.600.000,00
Administración pública local	09.A2.733A.760.5	1.650.000,00	115.000,00	1.765.000,00
Empresas	09.A2.733A.770.5	1.000.000,00	70.000,00	1.070.000,00
Institucións sen ánimo de lucro	09.A2.733A.781.1	59.658,00	5.342,00	65.000,00
Total		4.209.658,00	290.342,00	4.500.000,00

Modificacións				
Beneficiarias	Aplicación orzamentaria	Anualidade 2016	Anualidade 2017	Total
Administración pública autonómica	09.A2.733A.714.2	-1.286.890,60	-88.109,40	-1.375.000,00
Administración pública local	09.A2.733A.760.5	715.987,93	17.012,07	733.000,00
Empresas	09.A2.733A.770.5	1.624.560,67	76.439,33	1.701.000,00
Institucións sen ánimo de lucro	09.A2.733A.781.1	-59.658,00	-5.342,00	-65.000,00
Total		994.000,00	0,00	994.000,00

Dotación orzamentaria final				
Beneficiarias	Aplicación orzamentaria	Anualidade 2016	Anualidade 2017	Total
Administración pública autonómica	09.A2.733A.714.2	213.109,40	11.890,60	225.000,00
Administración pública local	09.A2.733A.760.5	2.365.987,93	132.012,07	2.498.000,00
Empresas	09.A2.733A.770.5	2.624.560,67	146.439,33	2.771.000,00
Institucións sen ánimo de lucro	09.A2.733A.781.1	0,00	0,00	0,00
Total		5.203.658,00	290.342,00	5.494.000,00



Terceiro. A eficacia da presente resolución producirase coa súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2016

Ángel Bernardo Tahoces
Director do Instituto Enerxético de Galicia

CVE-DOG: hcxexoh5-nsh8-rsz1-q9l3-otffzhxjo5u2

